



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

...

floreado ó pescoso
heiche de cortar a lingua
que lle falas ao meu moso.

Miña nai ten tres ovellas
hanos de dar un añiño
todos tres nos ha de dar-e
un coxo e outro segho
e outro xa non pode andar-e.

593b

Toc'o pandeiro Tabánhe
queren salir a bälär
casi todä Mastontánhe

637

Pano branco na cabeza
floreado ó pezcoso
heiche de cortá-la lingua
se lle falas ó meu moso
ai la.

584

De Masaricos al cielo
astra las mismas paredes
a mi me daban consuelo
ai le le le le le.
(palmas)

368

Iba ver a quen me quera
y por la parte del norte
tenc'un amor que me lleva
ai la.
(palmas)

942b

Da Barca para Muxía
cómo m'eu dispidirei
desta ghrande romaría
ai la.
(palmas)



1361

Non teño ghana de rir
somos moitos irmansiños
temos pouco que partir
ai la.

(palmas)

1328d

Unha vella, vella, vella
vella com'o meu chapeo
ordenanll'o casamento
levantou as mans ó ceo.

(palmas)

Se tes gana de bailar-e
cham'a quen che pareser-e
e a min deixame quedar-e.

(palmas)

213b

Toca miña pandeireta
se non heiche de quebrar
costastesm'o meu diñeiro
asudamo a ganar
ai la.

(palmas)

... nas campañas
leva gharbo no bailar
por San Pedro cascabeles

...

121c

Si por cantar me pagharan
había de cantar ben
pero como non me paghan
hei de cantar ó desdén.

Cando eramos mosas non había orquestas coma aghora, tocabamola pandeireta e despois botabamos cantareiras destas aos mosos.

Quiridiña por che ver
pasei no mar a marola
i-a risgo de me perder.

Ai la la